

LINGUA DE AMOR

Concurso de mensaxes na rede: declaracións de amor en galego. O amor na túa lingua.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e do Día Internacional da Internet presentámosvos este concurso que interrelaciona as novas tecnoloxías e a lingua galega.

Pretendemos vincular as mozas e mozos de Galicia co seu idioma e incrementar a percepción do galego como unha lingua que é útil para as actividades de lecer e momentos de diversión: o galego ábreche as portas á hora de coñecer xente, facer amigos e... por que non? Tamén para formar parellas!

Un dos obxectivos que queremos acadar con este concurso é conquistar novos ámbitos de uso para o galego: internet, o correo electrónico ou os chats son espazos de comunicación nos que os mozos e mozas empregan o castelán como lingua habitual. Pretendemos con este concurso dinamizar o uso da lingua galega entre os máis novos.

Así mesmo, outro obxecto é relacionar o galego coas formas de diversión xuvenil e potenciar os seus valores como unha lingua próxima, útil e moderna. A normalización da lingua galega en moitas ocasións céntrase en contextos institucionais marcadamente formais que non chegan á mocidade dun xeito atractivo. Con este concurso o que pretendemos é normalizar o uso da nosa lingua dende unha perspectiva lúdica, actual e atractiva para a xente nova. A xuventude, a internet e o amor, tres ingredientes fundamentais que poden dar lugar a un cóctel explosivo!

**Día das Letras Galegas
e Día Internacional
da Internet**
17

de maio

**Lingua de
1ª EDICIÓN @mor**


- 1 O concurso Lingua de amor consiste na elaboración dunha mensaxe que conteña unha declaración de amor en lingua galega.
- 2 Este concurso organiza o Consello da Xuventude de Galicia, a través do seu Servizo de Normalización Lingüística.
- 3 Poderán participar todos os mozos e mozas de entre 14 e 30 anos.
- 4 Todas as declaración de amor que se envíen deberán estar escritas en lingua galega.
- 5 A temática das mensaxes será amorosa e poderán estar escritas en prosa ou en verso.
- 6 Terase en conta o grao de elaboración e a orixinalidade. Ademais todas as declaracións deberán ser inéditas.
- 7 A extensión máxima da mensaxe é de 350 caracteres, incluídos os espazos en branco. As mensaxes que excedan esta extensión quedarán fóra do concurso.
- 8 As declaracións de amor que participen neste concurso deberán redactarse, xunto cos datos persoais dos concursantes, no formulario que atoparedes no web do CXG: www.cxg.org. A partir do 1 de maio poderanse ver todas as declaracións na páxina www.linguadeamor.eu. Só aparecerán con nome as mensaxes gañadoras.
- 9 Establecerase un máximo de dúas mensaxes por concursante.
- 10 A data límite para o envío das declaracións é o 15 de maio de 2007. As mensaxes que se reciban despois deste día non entrarán no concurso.



- 11 O xurado do concurso estará composto pola presidenta do CXG, M.ª Dolores Rodríguez Amoroso; o secretario do Consello da Cultura Galega, Henrique Monteagudo Romero; dous representantes das empresas colaboradoras e a técnica do Servizo de Normalización Lingüística.
- 12 Os resultados faranse públicos o 18 de maio de 2007 nos webs www.linguadeamor.eu e www.cxg.org. Contactarase cos gañadores a través do número de teléfono que apareza na ficha de inscrición.
- 13 Haberá unha entrega de premios o venres 25 de maio, ás 18:00 h, na sede do Consello da Cultura Galega.
- 14 Os premios serán os seguintes:
 - 1º: Videocámara Mini DV Samsung VPD361 + un lote de libros en galego
 - 2º: Cámara Sanyo PSDCN912 + un lote de libros en galego
 - 3º: MP4 Blu:Sens 1027 + un lote de libros en galego
- 15 Todos os/as participantes recibirán un agasallo por cortesía da Secretaría Xeral de Política Lingüística.
- 16 A organización do concurso poderá desbotar aquelas mensaxes de carácter discriminatorio ou ofensivo.
- 17 A organización resérvase o dereito de modificar e interpretar as normas deste concurso sempre e cando fose necesario para o seu bo desenvolvemento.

